

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACORDA A ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN NÚMERO 2/13, TRAMITADO POLO PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DOS SERVIZOS DE AUDITORÍA DE CONTAS PARA OS EXERCICIOS 2013, 2014 E 2015

Con data 16 de outubro de 2013, aprobáronse os pregos de condicións e de prescricións técnicas que rexeron no expediente para a contratación pola Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (en diante, Fundación CESGA), a través do procedemento negociado, dos servizos de auditoría de contas para os exercicios 2013, 2014 e 2015, (expediente de contratación número 02/13).

Cursouse invitación a tres (3) empresas capacitadas para a prestación do servizo obxecto de contratación, en concreto a Auditoría Galega de Contas SLP, López R Auditores e AUDIESA, concedéndolles a todas elas un prazo de doce (12) días naturais para a presentación da súa oferta.

Rematado o prazo para a presentación de ofertas (o 28 de outubro de 2013), recibíronse no Rexistro interno da Fundación CESGA as seguintes ofertas:

- Auditoría Galega de Contas SLP, titular do CIF: B15102361, presentou a súa oferta o venres 25 de outubro.
- López R Auditores S.L., titular do CIF: B32172546, presentou a súa oferta o luns 28 de outubro.
- Auditoría y Diagnóstico Empresarial, S. A (AUDIESA), titular do CIF: A15240815, enviou por fax o xustificante de haber presentado na oficina de correos a súa oferta, chegando o orixinal o mércores día 30 de outubro.

O día 30 de outubro procedeuse á apertura do sobre A, de documentación xeral, dos licitadores, non se observa ningún defecto na documentación presentada, polo que todos os licitadores foron admitidos ao proceso de licitación.

A continuación procedeuse á apertura do sobre B, que contén a documentación relativa aos criterios cualitativos e cuantitativos, contendo as ofertas presentadas todos os documentos esixidos nos pregos, polo que se procede a súa valoración conforme aos criterios cualitativos previstos no prego de condicións.

No informe técnico de valoración de ofertas cualitativas que obra no expediente de contratación, recóllense as razóns e motivos que xustifican as puntuacións acadadas por cada unha das empresas, e que se resume no seguinte cadro:

CRITERIOS CUALITATIVOS				
CRITERIO	Máximo segundo pregos	Lopez R	AUDIESA	AGC
Metodoloxía de elaboración do traballo	25	25	25	25
Outros recursos e servizos	5	3	5	0
TOTAL	30	28	30	25

A continuación procedeuse á valoración **dos criterios cuantitativos**, (cuantificables de forma automática ou mediante fórmulas matemáticas), segundo o apartado G do cadro de especificacións dos pregos o único criterio existente é o prezo que se puntuará ata un máximo de 70 puntos.

As propostas económicas de cada unha das ofertas son as seguintes:

	Base imponible	IVE	TOTAL
Lopez R	16.200,00	3.402,00	19.602,00
AUDIESA	21.700,00	4.557,00	26.257,00
AGC	19.500,00	4.095,00	23.595,00

Ningunha das propostas económicas excede do prezo base de licitación sen embargo obsérvanse indicios que poden facer que a proposta cuantitativa presentada polo licitador Lopez R poida ser considerada como desproporcionada ou anormal posto que a porcentaxe de baixa que presenta excede en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Por tal motivo requíreselle (o 6 de novembro de 2013) para que no prazo de 5 días hábiles xustifique por escrito a valoración da súa oferta e precise as condicións da mesma e a garantía de que co prezo ofertado poderá cumprir exacta e puntualmente as obrigas e condicións establecidas nos pregos que rexen o expediente de contratación.

Con data 7 de novembro de 2013, o licitador Lopez R, presenta un escrito xustificando e garantindo que, polo prezo ofertado, pode cumprir exacta e puntualmente as obrigas e condicións establecidas nos pregos de licitación. Considérase suficiente para dar por boa a xustificación do licitador, razón pola que acorda a aceptación da oferta dese licitador como de normal cumprimento.

Aceptada a oferta presentada por López R, procédese segundo a letra G do cadro de especificacións do prego, a puntuación obtida segundo os criterios cuantitativos é:

CRITERIOS CUANTITATIVOS				
CRITERIO	Máximo segundo pregos	Lopez R	AUDIESA	AGC
Prezo	70	70	20,64	40,38

Polo tanto o resumo da puntuación obtida por cada unha das compañías é a seguinte:

Licitador	Puntuación dos criterios cualitativos	Puntuación dos criterios cuantitativos	Puntuación TOTAL
López R	28	70	98
AUDIESA	30	20,64	50,64
AGC	25	40,38	65,38

Á vista do anterior e de conformidade coas facultades que teño conferidas en virtude dos Estatutos da FUNDACIÓN CESGA,

ACORDO:

Primeiro.- Adjudicar o contrato para un servizo de auditoría de contas para os exercicios 2013, 2014 e 2015 para a Fundación CESGA, á empresa López R Auditores S.L., titular do CIF: B32172546, polo importe de dezaseis mil douscentos euros, (16.200,00 €), máis tres mil catrocentos dous euros (3.402,00 €) que corresponden ao imposto sobre o valor engadido, o que supón un total de dezanove mil seiscentos dous euros (19.602,00 €), con cargo á partida de servizos exteriores.

Segundo.- Comunicar aos licitadores a adxudicación do contrato e simultaneamente publicar a ditada adxudicación no perfil do contratante da páxina web da Fundación CESGA.

Terceiro.- A formalización do contrato non poderá efectuarse máis tarde dos quince (15) días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación de adxudicación aos licitadores.

En Santiago, a 15 de abril de 2014.



**O Director Xerente da Fundación Pública Galega
Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia – CESGA
Asdo.: D. Javier García Tobío**